



CIRCULAR DO 24 DE XUÑO DE 2022 DA DIRECCIÓN XERAL DE SEGURIDADE XURÍDICA E FE PÚBLICA SOBRE O OBXECTO E USO DO CERTIFICADO DE FE DE VIDA OU DE FE DE VIDA E ESTADO.

O obxecto desta Circular é expoñer aspectos sobre o certificado de fe de vida ou de fe de vida e estado expedido polo Rexistro Civil, que sirvan para clarificar as cuestións que xurdiron ou poidan xurdir respecto da súa necesidade e, en particular, no que atinxe ao establecemento de criterios para a súa utilización; co propósito de lograr que as solicitudes dese certificado no Rexistro Civil se reduzan aos casos en que realmente sexan necesarias.

O Regulamento da Lei do Rexistro Civil de 1957 contempla o certificado de fe de vida e estado, documento que recolle, mediante a previa manifestación do interesado, o feito de que unha persoa está viva, así como a presunción do seu estado civil en virtude da declaración que formula dita persoa.

No marco do novo modelo de Rexistro Civil, contempla só a emisión do certificado de fe de vida no desenvolvemento regulamentario que se atopa en tramitación, en sintonía cos Convenios Internacionais sobre Estado Civil dos que España forma parte. No relativo ao estado civil, o Rexistro Civil pode expedir certificacións de matrimonio que darán fe daquilo que estea inscrito no Rexistro Civil, con maior garantía que unha mera declaración de estado civil realizada pola persoa interesada.

No que respecta ao seu obxecto e uso, o certificado de fe de vida ou o de fe de vida e estado é un medio supletorio e residual para acreditar a vida e, se procede, o estado civil, ante organismos públicos e entidades. A regra xeral para que unha persoa acredite que está viva e manifieste o seu estado civil debe ser a súa comparecencia ante unha administración pública ou entidade privada. Isto último, sen que ningún órgano oficial poida esixir outros medios; polo tanto, o certificado de fe de vida ou de fe de vida e estado debe ser considerado un medio subsidiario.

A continuación expóñense as razóns básicas que argúen que a presentación destes certificados non é o medio de proba preferente nin obrigatorio.

- Acreditación da vida e do estado civil.

Para que unha persoa poida acreditar que se atopa viva, abonda coa súa comparecencia ante o organismo correspondente para que se poida considerar acreditada dita circunstancia, ou ben por medio do outorgamento de acta notarial de presenza.

No relativo á acreditación do estado dunha persoa, nos artigos 363 e 364 do vixente Regulamento do Rexistro Civil de 14 de novembro de 1958 recóllese que: «O estado civil acádase por declaración xurada ou afirmación solemne do propio suxeito ou por acta de notoriedade, sen que ante tales medios de proba os organismos oficiais poidan esixir outros distintos».

		Código Seguro de verificación:	PF:xtTv-haDc-qP8H-nbWt	Página	1/2
		FIRMADO POR	SOFIA PUENTE SANTIAGO (DIRECTORA GENERAL DE SEGURIDAD JURÍDICA Y FE PÚBLICA)	Fecha	24/06/2022



- O certificado de fe de vida ou de fe de vida e estado non é o medio de proba prioritario, nin o único.

O certificado de fe de vida ou de fe de vida e estado non constitúe o único medio de proba, nin tampouco o preferente, para acreditar a vida, posto que, ademais das oportunas actas notariais de presenza ou de notoriedade, a vida pode probarse por comparecencia do suxeito e o estado civil por declaración do propio suxeito. Neste sentido pódese examinar o disposto pola Circular de 16 de novembro de 1984 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado sobre expedientes de fe e estado (BOE núm.: 279, de 21 de novembro).

- A comparecencia do suxeito como medio de proba preferente e suficiente.

Destácase, ademais, que «estes últimos medios de proba son non só posibles senón tamén preferentes aos demais sinalados, - segundo o artigo 363 do Regulamento do Rexistro Civil -, cuxa aplicación e difusión entre todos os órganos da Administración debe ser encarecida para evitar atrasos inxustificados e prexuízos a sectores necesitados da sociedade».

- O encargado do Rexistro Civil non debe intervir, dada a existencia destes medios de proba simplificados e prioritarios..

Estes medios de proba preferente non requiren a intervención do Encargado do Rexistro Civil, polo que a esixencia da súa intervención non só non se axusta ao dereito, senón que obstrúe e enlentece os procesos e tarefas que sí competen a eses rexistros. «Ningún órgano oficial ante quen a vida se acredite por comparecencia do suxeito, ou a soltería ou viuvez (ou estado de divorciado) por declaración (ou afirmación solemne) do mesmo, poderá esixir outros medios de proba», como recolle a Circular de 16 de novembro de 1984 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado sobre expediente de fe de vida e estado.

Madrid, 24 de xuño de 2022. A Directora Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública,
Sofía Puente Santiago



Código Seguro de verificación:	PF:xtTv-haDc-qP8H-nbWt	Página	1/2
FIRMADO POR	SOFIA PUENTE SANTIAGO (DIRECTORA GENERAL DE SEGURIDAD JURÍDICA Y FE PÚBLICA)	Fecha	24/06/2022